

AUTOR

"Gústame os outsiders"

12.01.2011 Isidro Novo: "Teño escoitado dicir que o relato é literatura de segunda división: iso que llelo pregunten a Poe, Cortázar ou Borges"

VANESA OLIVEIRA . SANTIAGO

"Aquela xente tola ou revirada, marxinal ou anormal dentro da nosa sociedade, xente un pouco fóra de xogo, "outsider", é a que me parece máis interesante porque non resposta ao que ti esperas". Os personaxes extraordinarios protagonizan *Cabalos do demo e outros invertebrados*, o último libro de relatos do lugués Isidro Novo, que inaugura a colección "Litterae" da editorial Trifolium xunto a *Benquerido Diego, abrázate Quiela*, a tradución ao galego da obra de Elena Poniatowska.

Un lobicán, un home habitado por cabalos do demo, unha sombra peregrina, un fiscal soberbio... Son algunhas das presenzas que habitan os cinco relatos da obra do colaborador de GALICIA HOXE, que se decidiu a reunilos "como cando tes fillos espallados por diferentes localidades e un día queres reunilos". Segundo explica o autor, "era oportuno volvelos facer visibles e precisamente o que máis me gustaba era a súa variedade: que fosen tan distintos". Variedade que acada unidade xa que todos os contos respiran a retranca do narrador. "É o carácter profundamente galego. O gran sentido do humor é o que nos permite sobrevivir ás vicisitudes que levamos pasado e aínda estamos pasando hoxe en día. Como dicía Celestino Fernández de la Vega, a forma de lograr o equilibrio do sentimento tráxico da vida é combatíndoo co humor", di.

Retranca que utiliza o autor tamén para explicar por que o xénero do relato non goza da mesma consideración que o narrativo en Galicia. "Teño escoitado dicir que o relato é a segunda división da literatura: iso que llelo pregunten a Poe, Cortázar, Borges ou ao mesmo Rulfo. Agora hai novelas longuísimas: parece que a xente ten moito papel na súa casa. En Galicia temos grandes mestres: Fole, Dieste ou Cunqueiro. Iso sonche modas, conceptos que cambian co tempo. En Estados Unidos, na época do realismo sucio, o que cumpría era facer relatos e poemas e a novela estivo maldita durante anos", asegura Isidro Novo, que está a escribir poesía e ten que "retocar" unha novela xa rematada.

O conto que abre o libro é *Cabalos do demo*, unha recreación das historias contadas por un narrador do rural galego, que remiten ás súas estadías infantís en Viveiro. "Meu pai naceu en Landrove e alí están as miñas vivencias. Personaxes como o Pinchorro están baseados en xente real: era un home que se dicía que tomaba os viños da cabalo e estaba un pouco tolo. Ademais, na casa onde naceu meu pai, hai un regato onde aparecían arremuiñados moitos cabalos do demo e de cores insospeitadas. Producíame unha gran fascinación. Viveiro era para min un lugar máxico", apunta o autor que en 2007 publicou o poemario *Esteiro de noites falecidas*.

Que a figura do "demo" apareza en varios dos relatos ten que ver coa "afinidade" que o autor sente pola "parte escura que sempre me atraeu, dos personaxes marxinais, que me inspiran moita tenrura". O autor desmárcase das normas sociais e da rutina tamén no conto *O voyeur e a dama intanxíbel* no que converte ao demo nun amante "defraudado polo amor, que utiliza as súas argucias para manter o seu amor e que a súa parella lle sexa fiel pero que non o consegue".

O lobo daquela caparuchiña é unha reinterpretación actual do clásico de Perrault na que a nena se reencontra con Lobo, o can abandonado polos seus pais. "Quixen desmarcarme daquela adolescente un pouco díscola con sensacións tendentes ao sexual para falar do abandono dos cans que sucede cada vez máis", apunta o autor. Un dos últimos relatos do libro é sobre un holandés que fai o Camiño Inglés xunto coa sombra dun parente de hai dous séculos. "Un alcanza a gloria eterna e o outro séntese aliviado", indica. Pecha a obra *Vostede siga ben, señor fiscal*, relato dun asasinato popular, o particular axuste de contas de Novo coa xustiza. "Sempre tiveron un mal concepto sobre o que chamamos xustiza e aplícollelo a eses señores que son capaces de xulgarte ou meterte

nun corredor da morte", comenta.

"PALABRAS CON MEMORIA"

"Estámonos fundindo como país cunha placidez sórdida"

Unha das iniciativas nas que está a traballar na actualidade Isidro Novo é *Palabras con memoria*, un proxecto da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) que ten como obxectivo recuperar palabras galegas que caeron en desuso e que se poden consultar na súa páxina web (www.aelg.org). "Xa levamos case 900 entradas deste glosario de palabras e expresións que non aparecen en ningún dicionario galego. E, ademais, teñen a particularidade que son case todas inéditas porque malia que son empregadas pola xente, non están recollidas en ningunha parte", explica o escritor.

Unha das partes importantes deste traballo de recolleita é a revitalización do agro galego, de aí que dediquen esforzos a recuperar o nome de produtos que se cultivaban tradicionalmente nas hortas do país. De aí que engadan, sinaladas en verde, unha serie de palabras que designan castes de froitas e verduras.

"As novas xeracións coñecen o que son variedades en inglés ou francés como "red winter" ou "golden" que venden no supermercado pero non saben os nomes das froitas galegas que, malia non ter moi bo aspecto, si que tiña mellor sabor".

Unha das ideas do proxecto é chegar a editar unha obra en papel. "Iso decidirao a asociación pero unha vez que cheguemos ás mil palabras poderíase levar a papel, sería unha difusión fantástica porque agora que queren que desaparezcamos, darémoslle á xente a posibilidade de coñecer moitas máis palabras das que xa sabía en galego", apunta o autor lugués.

Palabras con memoria é así unha estratexia contra o esquecemento do noso vocabulario. "Estámonos fundindo como país cunha placidez sórdida. A xente non reacciona e parece que está aparvada", asegura o escritor.

Isidro Novo publicou *Teaza de brétema*, o seu primeiro título individual, en 1994. Seguiulle o western *Por unha presa de machacantes* e a continuación, o libro de relatos *Carne de can*, e o poemario *Dende unha nada núa*. No 99 publica a obra de narrativa curta *Antollos de Eimarmena* e máis tarde, as novelas *Súa de si*, *Rosa lenta* e *Un escuro rumor tralo silencio*. No 2009 traduciu ao galego a novela de Benito Vécetto, *Los Hidalgos de Monforte*.